

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 21 DE OUTUBRO DE 2016

LICENZAS

FAVORABLE.-

LIC/118/2016.- ARCEBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.- Conceder licenza para executar as obras de rehabilitación de cuberta dun inmovible sito na Praza de Feixó, 4.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza para executar as obras de rehabilitación de cuberta dun inmovible sito na Praza de Feixó, 4. LIC/118/2016. Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación do proxecto básico e de execución de caseta para asociación de veciños de Vite de Arriba. Apróbase o proxecto, cun orzamento de execución material de 36.400,01 euros, IVE incluído, e un prazo máximo de execución de 40 días hábiles. A caseta servirá como espazo de almacenamento de material das asociacións de veciños da zona, e terá unas dimensións de 16 x 3,60 metros, e 2,50-2,30 metros de altura libre interior.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa ao cambio de designación do director do contrato na obra XOB/1/2013. proxecto básico e de execución de repavimentación da Avda. Vilagarcía entre Rosalía de Castro e Romero Donallo. Apróbase a proposta.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á declaración da inexistencia de responsabilidade no expediente do proxecto de Rehabilitación do Palacete do Espiño, e arquivo do procedemento aberto a estes efectos. Apróbase a proposta.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación do expediente de repavimentación do entorno do Parque de Santa Susana, gasto e apertura do procedemento de adxudicación. Apróbase o expediente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 115.857,22 euros, máis IVE de 24.330,02 euros. O prazo de execución das obras será de 45 días.

7.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á solicitude de subvención, memoria e orzamento de actuacións para a promoción conxunta dos entroidos da Ulla, presentada polo concello de Teo diante da Deputación da Coruña en representación dos concellos de Touro, Boqueixón, Vedra, Teo e Santiago. Apróbase a proposta.

8 a 117.- Proposta da concelleira delegada de economía e facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre bens inmovibles, no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana. Apróbase a proposta.

118.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á denegación dunha exención na taxa por saneamento e depuración de augas residuais, subministración de auga e conservación de contadores e recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos. Apróbase a proposta.

119.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á concesión dunha bonificación na taxa pola utilización privativa e aproveitamento especial do

dominio público municipal por rodaxe cinematográfica. Apróbase a proposta

120.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á concesión dunha exención no Imposto de Bens Inmобles. Apróbase a proposta.

121.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á concesión dunha exención na taxa por saneamento e depuración de augas residuais, subministración de auga e conservación de contadores e recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos. Apróbase a proposta

URXENCIAS

1.-Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais relativa á ampliación do prazo de presentación da xustificación de bolsas para a adquisición de material escolar. Acórdase modificar a base 18.2 da convocatoria publicada no BOP do seis de xuño de 2016 do seguinte xeito: “O Concello de Santiago abonará nun pago único a contía da bolsa concedida para a adquisición de material escolar por medio de transferencia bancaria ás unidades familiares e de convivencia beneficiarias, que deberán presentar as facturas orixinais dos gastos pola adquisición do material escolar con data límite do 30 de novembro de 2016”. Inicialmente, a data límite para a xustificación era o 31 de outubro.

2.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á resolución do contrato para a redacción do Plan Parcial SUD-18, Caneiros-Boisaca: Acórdase iniciar o procedemento de resolución do contrato formalizado coa empresa Enxeñeiros e Arquitectos Consultores IDOM S.A, por mutuo acordo das partes, ante a concorrencia de razóns de interese público, e proceder a outorgar un prazo de 10 días naturais á empresa para a presentación das alegacións que considere.

3.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación de “Actuación de control arqueolóxico e traballos de limpeza, roza de vexetación e consolidacións no Castelo da Rocha Forte”: Acórdase a aprobación do expediente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento negociado sen publicidade, cun tipo de licitación de 15.262,96 euros, máis IVE de 3.205,22 euros.

4.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación da uniformidade da Policía Local: Apróbase a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 57.842,98 euros, máis IVE de 12.147,02 euros, distribuído nos seguintes lotes:

_Lote A “Prendas de confección a medida”: 29.100 euros, máis IVE de 6.111 euros

_Lote B “Prendas para a auga”: 1.090,91 euros, máis IVE de 229,09 euros

_Lote C “Calzado”: 12.347,11 euros, máis IVE de 2.592,89 euros

_Lote D “Complementos de uniformidade”: 15.304,96 euros, máis IVE de 3.214,04 euros

5.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación do proxecto de reurbanización da rúa Cancelas, na contorna da subestación eléctrica: Apróbase o proxecto técnico de reurbanización, que lle afecta á rúa Cancelas, no seu primeiro tramo dende a conexión coa avenida Rodríguez de Viguri, e á rúa Rodríguez de Viguri dende a conexión coa rúa Cancelas ata a conexión coa avenida do Camiño Francés. O obxectivo principal da actuación é darlle continuidade aos percorridos peonís en condicións de seguridade e accesibilidade. O proxecto ten un orzamento de 201.704,40 euros, IVE incluído, e o prazo de execución previsto é de tres meses.

6.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á resolución da convocatoria de subvencións destinadas ao fomento do deporte federado. Apróbase a concesión de subvencións a 56 entidades, por unha contía total de 229.999,70 euros

7.-Proposta da concelleira delegada de Economía, Emprego, Comercio e Turismo relativa á modificación da formulación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno local en sesión de data 26 de agosto de 2016: Expediente de aceptación da subvención da xefatura territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria para a realización do obradoiro de emprego “Ecotur Xuvenil II”: Apróbase a proposta.

8.-Proposta da concelleira delegada de Economía, Emprego, Comercio e Turismo relativa á modificación da formulación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno en sesión de data 5 de agosto de 2016: expediente de aceptación da subvención da xefatura territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria para a realización do obradoiro de emprego “Ecorural Santiago”: Apróbase a proposta.